

Primaria

Lingua 5

Programación

Unidade 12

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Non quero ser princesa

Descrición da unidade

O cómic que introduce esta unidade é unha versión do texto de Cornelia Funke *A princesa Sabela*, divertida historia protagonizada por unha nena que renega da súa condición, dos vestidos maxestosos e as coroas. Ao fío da lectura, trabállase logo o vocabulario relacionado coas compras e, no apartado de Expresión, a creación dun cómic. Este modelo textual, necesariamente ligado á imaxe, de seguro enganchará ao alumnado, e pode utilizarse como punto de partida para abordar os demais contidos da unidade (o verbo, os grupos consonánticos *ct* e *cc*, o diálogo...) e mesmo para celebrar o Día do Libro confeccionando un cartel.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ás compras.
- Familia léxica.
- Identificación dos verbos e clasificación segundo a conxugación.
- Palabras con *c*, *ct* e *cc*.
- Deseño dun cómic.
- Diálogo en estilo directo e indirecto.
- Aspectos culturais de alcance internacional.

Temporalización:

Abril Maio

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido ás compras.
2. Formar familias de palabras.
3. Identificar o verbo e clasificar as formas verbais nas tres conxugacións.
4. Escribir correctamente palabras con *c*, *ct* e *cc*.
5. Diferenciar o diálogo en estilo directo e en estilo indirecto.

3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Audición do cómic inicial cunha actitude favorable. • Lectura e comprensión dun cómic. • Adquisición de novo vocabulario referido ás compras e formación de familias de palabras. • Identificación dos verbos e clasificación segundo a súa conxugación. • Palabras con <i>c</i>, <i>ct</i> e <i>cc</i>. • Deseño dun cómic. • Diálogo en estilo directo e indirecto. • Coñecemento dalgúns aspectos culturais de alcance internacional: o Día do Libro. 	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un cómic con fluidez e comprensión.	2.1. Le un cómic con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun cómic e responde cuestións de comprensión. 2.3. Recoñece os trazos característicos dun cómic.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas ás compras e identificar palabras dunha mesma familia léxica.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo ás compras e palabras novas. 3.2. Recoñece unha serie de palabras como integrantes da mesma familia léxica.
	4. Identificar os verbos e ser capaz de definir unha forma verbal segundo as súas desinencias.	4.1. Nunha forma verbal, distingue os morfemas que indican a persoa gramatical, o número e o tempo. 4.2. Clasifica os verbos segundo a conxugación.
	5. Escribir correctamente palabras con <i>c</i> , <i>ct</i> e <i>cc</i> .	5.1. Escribe correctamente palabras con <i>c</i> , <i>ct</i> e <i>cc</i> e evita as interferencias co castelán.
	6. Facer un cómic seguindo unhas pautas dadas.	6.1. Recoñece os trazos característicos dun cómic. 6.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas e dun modelo dados.
	7. Diferenciar o diálogo en estilo directo e en estilo indirecto.	7.1. Recoñece a intervención do narrador nun texto. 7.2. Identifica as voces dos personaxes e a función da raía nos diálogos. 7.3. Pasa un texto narrativo de estilo directo a estilo indirecto e viceversa.
	8. Aprender algúns aspectos da culturais de alcance internacional.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> • CD-Audio do LA.
2.1. Le un cómic con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> • Suxestións metodolóxicas da PD.
2.2. Comprende o sentido global dun cómic e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ás compras e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de comprensión lectora dos RF. • Actividade 1 de reforzo dos RF.
3.2. Recoñece unha serie de palabras como integrantes da mesma familia léxica.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.1. Nunha forma verbal, distingue os morfemas que indican a persoa gramatical, o número e o tempo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF. • Actividades propostas na PD.
4.2. Clasifica os verbos segundo a conxugación.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 2 de reforzo e actividade 3 de ampliación dos RF.
5.1. Escribe correctamente palabras con <i>c</i> , <i>ct</i> e <i>cc</i> e evita as interferencias co castelán.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividade 4 de reforzo dos RF. • Actividades propostas na PD. • CD-Audio do LA (ditado).
6.1. Recoñece os trazos característicos dun cómic.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Suxestións metodolóxicas da PD.
6.2. Crea un cómic a partir dunhas pautas e dun modelo dados.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Suxestións metodolóxicas da PD.
7.1. Recoñece a intervención do narrador nun texto.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA.

7.2. Identifica as voces dos personaxes e a función da raia nos diálogos.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.
7.3. Pasa un texto narrativo de estilo directo a estilo indirecto e viceversa.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.	<ul style="list-style-type: none">• Selección de actividades do LA.• Suxestións metodolóxicas da PD.• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Mantén un diálogo respectando as quendas de palabra, escoitando o interlocutor, expresándose con cortesía...
	Manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.	Fai os debuxos para un cómic e para ilustrar carteis.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.

	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, creativo, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas, proxectos, desexos, etc.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Aprende a valorarse e desenvolve unha autoestima equilibrada. Mostra iniciativa e toma decisións. Identifica potencialidades persoais, como a creatividade.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Establece unha escala de valores con criterio propio e é consecuente con ela.
	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia.	Utiliza o diálogo como vehículo de comunicación e entendemento.
	Coñecer e aplicar normas básicas de convivencia.	Relaciónase cos demais con educación e respecto.
	Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa.	Participa con interese nas actividades de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Diferencia entre o que é necesario e o que é accesorio e mostra unha actitude responsable en relación co consumo. Valora o papel da familia no desenvolvemento persoal e integral dunha persoa. Valora e respecta as persoas por como son, con independencia do seu aspecto ou condición social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta e traballar en grupo, superando as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Coida a presentación nas actividades desenvolvidas.
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.	Interésase por coñecer algunhas actividades culturais de carácter global.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o cómic da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ás compras no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de familias léxicas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD, e coas fichas de comprensión lectora, reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar os verbos e a clasificalos segundo a súa conxugación.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a usar *c*, *ct* e *cc* e a evitar interferencias co castelán.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos con actividades da PD e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a deseñar un cómic.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a diferenza entre o estilo directo e o estilo indirecto nos diálogos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e coa ficha de reforzo dos RF.

Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

Tarefa 8: A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos culturais de alcance internacional.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e de expresión, tanto oral como escrita, mediante as diferentes modalidades textuais que se ofrecen na unidade.
- Cómpre reparar nas peculiaridades do cómic e no apoio para a comprensión do texto que significan elementos como: as cores, os xestos dos personaxes, as cartelas do narrador, os globos (con diferentes formas segundo o modo de expresión que se queira transmitir), etc.
- Suxerimos aproveitar o campo semántico da unidade para fomentar uns hábitos de consumo razoables.
- Coma sempre, é fundamental fixar hábitos de traballo e habituar ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.
- Tamén, é importante reforzar os contidos que ofrezan maior dificultade para os alumnos con abundante práctica. Lembre que pode reforzar e ampliar a información do libro no propio Apéndice (conxugacións verbais), coas actividades fotocopiáveis e co libro dixital.
- Aconsellamos organizar diferentes actividades relacionadas coa lectura, para conmemorar o Día do Libro: contacontos, exposicións, monicreques, obradoiros, etc.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
 - Alejandro Guillermo Roemmers: *A volta do xove príncipe*, Ed. Galaxia.
 - Darío Xohán Cabana: *As viaxes do Príncipe Azul*, Ed. Galaxia, col. Árbore.
 - Irene Pérez Pintos: *Etiqueta para todos*, Edicións Xerais.
 - Lewis Trondheim e Fabrice Parme: *O Rey Catástrofe. A Adalberto non le falta cara*, Ed. Astiberri.
 - VV.AA.: *Ra por un día*, Ed. Edebé-Rodeira.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:

- Banda deseñada:
<http://www.culturagalega.org/bd/>
- Webs para crear cómics *on-line*:
<http://www.pixton.com/es/>
<http://chogger.com/>
<http://www.comicshead.com/>
<http://www.bitstrips.com/create/comic/>
<http://www.toondoo.com/>
<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.apppie.comicstrip>
<http://goanimate.com> (cómics animados)

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?